



# PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN COOPERACIÓN E ACCIÓN HUMANITARIA E DE URXENCIA DE SIG

SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA

DATA ACTUALIZACIÓN: 8 ABRIL 2021



## 1. Introducción:

Este protocolo é un documento complementario ó Código de Conduta e de Ética de Solidariedade Internacional de Galicia (en diante, "SIG"), abarca todos os ámbitos de intervención da ONG e é de obrigado cumprimento por parte da organización e todos os seus membros.

## 2. Obxectivo:

O obxectivo deste protocolo é establecer os procedementos e os comportamentos do persoal a servizo da ONG, sexa contratado, colaborador, voluntario, prestador de servizos ou provedor, para cumprir cos máximos estándares de ética e transparencia nas súas intervencións no ámbito Humanitario, segundo establecen o CICR, as NNUU, BOTO e as normas HAP.

Para iso, Solidariedade Internacional de Galicia:

- (i) Asigna fondos baseados na avaliación das necesidades e promove o obxectivo común, que é responder dun xeito integral ás necesidades humanitarias.
- (ii) Promove a participación das beneficiarias e beneficiarios, para a definición, implementación e avaliación de accións.
- (iii) Durante a acción, apela á capacidade local e reforzándoa, respectando a cultura, estrutura e tradicións das comunidades e países onde se levan a cabo as accións, salvaguardando así mesmo os dereitos das beneficiarias e beneficiarios de que se trate.
- (iv) Asegura "tolerancia cero" da explotación e violencia sexual (en diante, "EVS") a través de mecanismos de Prevención, de Informe e Reacción eficaces e coordinados, coherentes coa esencia dos Seis Principios Básicos do Comité de IASC en EVS.
- (v) Esfórzase na definición e implementación de medidas para promover o vínculo entre axuda de urxencia, rehabilitación e desenvolvemento, co fin de axudar as persoas afectadas a recuperar un nivel mínimo de autosuficiencia, tendo en conta os obxectivos de desenvolvemento a longo prazo e reforzando a resiliencia na medida do posible.
- (vi) Colabora na construción de capacidades das comunidades afectadas, co fin de previr ou limitar as crises humanitarias futuras, así como para axudar a estas comunidades a prepararse e responder.
- (vii) Ofrece unhas condicións laborais xustas para o persoal traballador humanitario, voluntario ou asalariado, prestando especial atención á súa seguridade no terreo e, na medida do posible, ao seu desenvolvemento profesional.



Así mesmo, no marco da xestión transparente e o bo goberno, SIG xestionará os fondos humanitarios segundo os seguintes criterios:

- (i) Garantindo os procedementos de contratación, para que sexan consistentes cos principios e procedementos dos contratos adxudicados no marco das operacións de axuda humanitaria financiadas polos grandes donantes humanitarios como BOTO e OCHA.
- (ii) Establecendo como procedemento un control interno eficaz e rigoroso da administración do sistema das accións, tratando con respecto os valores éticos e humanitarios, a separación real de tarefas e poñendo en marcha mecanismos apropiados para a xestión de riscos, que identifican os riscos e as respostas a aplicar a estes mesmos.
- (iii) Utilizando un sistema de contabilidade que sexa preciso, completo e puntual.
- (iv) Garantindo o acceso en calquera momento a toda a información relevante que permita unha xestión das accións adecuada no tempo oportuno, así como unha trazabilidade de auditoría.

### 3. Principios Humanitarios

SIG incorpora os principios do DIH así como as normas establecidas no marco normativo internacional de Acción Humanitaria. A presente proposta rexerese na súa execución polo escrupuloso respecto e cumprimento destes principios:

- *Humanidade:* Adoptaranse todas as medidas posibles para evitar ou aliviar o sufrimento humano provocado por catástrofes, conflitos e situacións de urxencia ou crises esquecidas. Todas as persoas teñen dereito a recibir protección e asistencia.
- *Neutralidade:* Entendida no marco do enfoque de “Acción sen Dano” como a abstención de comportamentos e accións que supoñan colocar en risco a operación, a seguridade e integridade da poboación civil á que se presta a asistencia e protección. SIG non se posicionará publicamente en favor dunha parte do conflito.
- *Imparcialidade:* a axuda proporciónase ás persoas en función das súas necesidades, non en función de calquera outro criterio que supoña discriminación por raza, sexo, ou ideoloxía política.
- *Independencia:* SIG desempeñará as súas funcións sobre a base das súas propias decisións, á marxe de condicionamentos políticos. A información do proxecto será manexada coa prudencia que esixe o contexto e de acordo ós procedementos previstos nos clústeres de NNUU, sustentarán accións de sensibilización e testemuño levadas a cabo en diferentes ámbitos (rexional, nacional e internacional). SIG realizará diagnósticos en base á recolleita de datos que serán en todo momento contrastados de xeito independente.



- *Participación das persoas damnificadas:* A participación é un elemento cruce para todas as intervencións de SIG, por iso, durante a súa execución, poñeranse en marcha mecanismos para medir en efecto unha participación de grupos diferentes (persoas con diversidade funcional, persoas maiores, nenos e nenas, homes e mulleres).
- *Incidencia e Testemuño:* en cada intervención realízase un traballo de testemuño/incidencia sobre os dereitos das persoas afectadas, sen que isto implique infrinxir o principio de imparcialidade.

#### 4. Código de conduta do persoal contratado en proxectos de AH:

O persoal contratado por SIG, que presta os seus servizos ou que está empregado pola contraparte local dos proxectos, deberá respectar a seguinte conduta:

- 1) **Disposicións contra o terrorismo e a prostitución:** Todo o persoal traballador de SIG debe certificar que non ten coñecemento, non procurou nin procurará, conscientemente da violación das regras, asistencia material ou con outros recursos a unha persoa ou organización que incite, planifique, apoie, participe ou participase nun acto de terrorismo. Se se establecese a participación dun axente, empregado ou voluntario en calquera actividade terrorista ou ligada á prostitución, o seu contrato de traballo, de prestación ou provisión de servizos, ou convención de voluntariado extinguirase inmediatamente sen dereito a ningunha indemnización prevista no mesmo. Toda suma percibida anteriormente será reembolsada a SIG.
- 2) **Cláusula anticorrupción:** Toda persoa traballando con SIG comprométese a non ofrecer a terceiros, non solicitar, non aceptar ou obter promesas a si mesmo ou a outras e outros, directa ou indirectamente agasallos ou outros beneficios, considerados como unha práctica ilegal ou de corrupción.
- 3) **Disposicións de alerta sobre fraude e conduta indebida:** Todo axente de SIG ten a obrigaón de velar por e garantir un uso honesto e transparente dos recursos postos a disposición pola organización e os seus socios e socias, comprometéndose a denunciar os casos de fraude, discriminación, explotación, malversación, acoso sexual e laboral e calquera outra conduta contraria aos códigos e valores de SIG. Para iso, SIG dispón dun sistema de información e alerta para contactar e falar co supervisor ou supervisora apropiado e/ou enviar unha mensaxe de xeito seguro e confidencial. As denuncias serán feitas de xeito anónimo e as investigacións levaranse a cabo de xeito completamente confidencial.
- 4) **Disposicións sobre drogas no lugar de traballo:** Todo axente de SIG comprométese a difundir amplamente as disposicións ligadas aos estupefacientes nos lugares de traballo, así como cos socios e socias cos que SIG traballa. SIG debe asegurar que a disposición sobre Drogas e estupefacientes será entregada a todo o persoal, así como as socias e aos socios que traballan na realización das actividades no terreo.



A disposición sobre Drogas e estupefacientes debe conter os seguintes elementos sen contravir a Lei nacional do lugar onde se estean levando a cabo as accións:

- a) A fabricación, a venda e o uso/consumo de estupefacientes no lugar de traballo queda terminantemente prohibido.
  - b) O non respecto a estas normas por parte dos axentes de SIG se tipificarán como Leves, Graves e moi Graves.
  - c) As sancións serán acordes á tipificación da violación da norma:
    - i) **SANCIÓNS A FALTAS LEVES:** o/a responsable inmediato/a da persoa que incorre neste tipo de faltas, fai unha chamada de atención en privado de forma verbal e escrita, asinando a persoa un acta de acordo na que se compromete a cumprir dita responsabilidade.
    - ii) **SANCIÓNS A FALTAS GRAVES:** Amoestación Económica /Suspensión laboral/ Despedimento segundo a gravidade do Caso.
    - iii) **SANCIÓNS A FALTAS MOI GRAVES:** Separación Temporal do Cargo / Despido Inmediato do Cargo.
- 5) **O traballo dos nenos e nenas:** Todo axente de SIG declarará e garantirá que nin el nin as entidades afiliadas ou asociadas baixo o seu control utilizan o traballo infantil como método de fabricación, produción, acondicionamento, distribución ou venda do produto que sexa. Todo o persoal de SIG entende que se trata dunha disposición fundamental da organización e cuxa violación daría a SIG a capacidade de rescindir calquera convenio ou contrato xa asinado sen ningún tipo de indemnización.

En relación ás MINAS, todo o persoal de SIG declarará e garantirá que nin el nin as entidades afiliadas ou asociadas baixo o seu control están involucradas na venda ou fabricación de minas antipersoas ou compoñentes empregados na fabricación das mesmas. O persoal e os socios de SIG entenden que se trata dunha disposición fundamental nos principios da organización e cuxa violación dará a SIG a capacidade de rescindir o contrato inmediatamente e sen ningún tipo de indemnización.

Calquera axente de SIG comprométese a aplicar as normas de conduta do xeito máis rigoroso, asegurándose que os equipos e bens, así como os fondos que sexan entregados a SIG no marco de calquera contrato:

- 1) Non serán utilizados por organizacións asociadas ao terrorismo.
- 2) Non serán transferidos polo provedor a unha persoa ou organización que figure na lista de mantida polo Comité do Consello de Seguridade da ONU en base á Resolución 1267 (1999).
- 3) Non serán utilizados, no marco dos fondos provistos por SIG aos seus socios ou socias co obxectivo de levar a cabo pagos a persoas ou organizacións para a importación de mercancías se estes pagos ou importacións estivesen prohibidos polo Consello de Seguridade da ONU.